

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS E TRANSFORMACIÓN DIXITAL

- 8583** Orde ETD/699/2020, do 24 de xullo, de regulación do crédito revolvente e pola que se modifican a Orde ECO/697/2004, do 11 de marzo, sobre a Central de Información de Riscos, a Orde EHA/1718/2010, do 11 de xuño, de regulación e control da publicidade dos servizos e produtos bancarios, e a Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios.

I

Os créditos de duración indefinida con carácter revolvente ou *revolving* presentan certas especialidades que os fan susceptibles dun tratamento regulatorio diferenciado.

O principal elemento que os caracteriza é que o prestameiro pode dispoñer ata o límite de crédito concedido sen ter que aboar a totalidade do disposto ao final de mes ou nun prazo determinado, senón que o prestameiro se limita a reembolsar o crédito disposto de forma aprazada mediante o pagamento de cotas periódicas cuxo importe pode elixir e modificar durante a vixencia do contrato dentro duns mínimos establecidos pola entidade. A contía das cotas pode variar en función do uso que se faga do instrumento do crédito e dos aboamentos que realice o prestameiro.

Así, o límite de crédito establecido polo prestamista diminúe segundo se dispón del, principalmente mediante adquisicións de bens ou servizos, disposicións de efectivo, transferencias do crédito concedido ou liquidacións de xuros e gastos. Pola súa vez, repónse con aboamentos, en esencia mediante o pagamento dos recibos periódicos ou a realización de amortizacións anticipadas, ben que, en particular no caso dos créditos asociados a un instrumento de pagamento, tamén se poden producir devolucións de compras que repoñen igualmente o crédito dispoñible.

As contías das cotas destinadas á amortización do capital que o prestameiro aboa de forma periódica volve formar parte do seu crédito dispoñible (de aí o seu nome, revolvente ou *revolving*), polo que constitúe un crédito que se renova de xeito automático en cada vencemento, de tal forma que en realidade é un crédito rotativo equiparable a unha liña de crédito permanente.

Sobre o capital disposto aplícase o tipo de xuro pactado. En ocasións, se se producen non pagamentos ou a contía da cota periódica é moi baixa e non cobre os xuros, estas cantidades capitalízanse mediante novas disposicións do crédito, que, pola súa vez, xerarán xuros.

Estes créditos comercialízanse maioritariamente asociados a instrumentos de pagamento que prevén, de forma exclusiva ou xunto con outras modalidades de reembolso, a posibilidade de establecer unha modalidade de pagamento aprazado flexible ou *revolving*, o que facilita a súa accesibilidade e a inmediatez na realización de disposicións do límite por parte do titular. Nestes casos, aínda que habitualmente o titular do instrumento de pagamento ten a posibilidade de modificar o seu funcionamento, pasando a operar alternativamente coa modalidade de pagamento diferido ao final de mes, as características destes créditos poden dar lugar a que a amortización do principal se realice con frecuencia nun período de tempo moi prolongado, o que supón o pagamento total dunha cifra elevada de xuros a medio e a longo prazo ou mesmo o risco de que a débeda se prolongue de xeito indefinido.

Ben que é certo que actualmente o principal medio de disposición dos créditos *revolving* son as denominadas tarxetas *revolving*, nada impide que, dado o progreso

tecnolóxico exponencial nesta área, se desenvolvan novas formas de prestar o servizo de crédito revolvente asociado a outros instrumentos de pagamento.

II

Asistimos nos últimos anos a un aumento da litixiosidade respecto deste produto, centrada fundamentalmente no tipo de xuro aplicado a estas operacións, que nunhas ocasións acaba sendo declarado usurario e noutras abusivo e, polo tanto, nulo. Non obstante, a xurisprudencia vai perfilando de forma cada vez máis nítida os límites que afectan o deseño e a comercialización do produto. A este mesmo obxectivo de reducir a litixiosidade e xerar certeza responde esta orde. Faino, basicamente, establecendo orientacións ás entidades en relación coa valoración da capacidade de devolución dos seus clientes, detallando obrigas en materia de transparencia que aseguran que, tanto antes de prestar o seu consentimento, como durante toda a vixencia do contrato, os clientes comprenden correctamente as consecuencias xurídicas e económicas destes produtos, e evitando, en último termo, que o descoñecemento sobre o seu funcionamento e consecuencias económicas os poidan conducir a niveis de endebedamento excesivo nalgúns casos.

III

Os obxectivos aos cales se orienta esta orde son varios. Dun lado, contribúe a reducir o risco de prolongación excesiva do crédito e aumento da carga final da débeda máis alá das expectativas razoables do prestameiro que contrata este produto. Doutro, trata de reforzar a información que o prestameiro recibe da entidade, no momento previo á contratación, no momento de realizarse esta e durante a vixencia do contrato. Isto axudará o prestameiro a contar cun coñecemento claro e específico do contido e efectos asociados ao servizo que vai contratar, así como a coñecer periodicamente con precisión a débeda que mantén coa entidade.

Ademais, introdúcense medidas conducentes a mellorar a información de que dispoñen os prestamistas para realizar a análise da solvencia dos potenciais prestameiros, de forma que se poidan evitar situacións de sobreendebedamento que en numerosas ocasións conducen finalmente os prestameiros a non poder facer fronte ás súas obrigas financeiras.

Estas medidas, de reforzo da transparencia e da avaliación de solvencia, cobran aínda máis relevancia no contexto do impacto económico das medidas de distanciamento social establecidas para frear a propagación do COVID-19. En efecto, as situacións de vulnerabilidade económica poden facer acudir ao financiamento con este tipo de produtos, para o que se debe contar coas debidas garantías de que se dispón da información adecuada e de que a avaliación de solvencia é o suficientemente sólida para previr futuras situacións de endebedamento insostible.

Tamén se aumentan as alternativas de tipos de xuro oficiais que teñen as entidades tanto para utilizar na concesión de préstamos, como para incluílos como substitutivos nos ditos contratos, en cumprimento do previsto no Regulamento (UE) 2016/1011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, sobre os índices utilizados como referencia nos instrumentos financeiros e nos contratos financeiros ou para medir a rendibilidade dos fondos de investimento, e polo que se modifican as directivas 2008/48/CE e 2014/17/UE e o Regulamento (UE) 596/2014.

IV

Esta orde ministerial consta de tres artigos, dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria e dúas disposicións derradeiras.

Coa finalidade de reforzar a información de que dispoñen os prestamistas e os seus procedementos de avaliación da solvencia dos potenciais prestameiros, esta norma modifica no seu artigo primeiro a Orde ECO/697/2004, do 11 de marzo, sobre a Central de Información de Riscos. Separa o tratamento da información que o Banco de España recibe

no exercicio das súas funcións de supervisión e inspección, e demais funcións que ten legalmente atribuídas, do tratamento orientado á finalidade de facilitala ás entidades declarantes para o exercicio da súa actividade. A norma tamén rebaixa o limiar dos datos facilitados ás entidades declarantes no exercicio da súa actividade.

Esta modificación inicia un proceso de revisión e adaptación da normativa regulamentaria da Central de Información de Riscos, orientada á subministración dunha información máis completa aos suxeitos declarantes e á mellora das súas capacidades en termos de información dispoñible para unha análise de solvencia cada vez máis precisa. Neste proceso, de carácter gradual, as previsións modificativas complétanse coa disposición adicional segunda, que establece a necesidade de valorar o funcionamento da Central de Información de Riscos co obxecto de avanzar no obxectivo pretendido.

O artigo segundo modifica a Orde EHA/1718/2010, do 11 de xuño, de regulación e control da publicidade dos servizos e produtos bancarios, coa finalidade de establecer os criterios que se deben utilizar no exemplo representativo cando se realiza publicidade dun crédito *revolving*.

Pola súa banda, o artigo terceiro aborda tres tipos de medidas para a mellora da protección do prestameiro. En primeiro lugar, incorpora unha previsión na Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios, en que se establecen orientacións para as entidades no ámbito da avaliación de solvencia, de maneira que se asegure unha estimación máis prudente que asegure a suficiente capacidade de pagamento do cliente e evite o sobreendebedamento.

En segundo lugar, a través da inserción dun novo capítulo III bis no título III na citada Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, poténciase a subministración de información ao prestameiro. O disposto neste novo capítulo aplicarase aos créditos de duración indefinida ou de duración definida prorrogable de forma automática, excluíndose aqueles créditos en que o titular aboe a totalidade do crédito disposto dunha soa vez ao final do período de liquidación pactado e sen xuros, estean ou non asociados a instrumentos de pagamento.

A subministración de información debe realizarse nun momento previo á subscripción do contrato en que se prevexa a posibilidade de obter crédito, obrigando a que a información co contido e co formato previstos na Lei 16/2011, do 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo, sexa entregada á persoa física prestameira coa debida antelación á sinatura do contrato, tal como se establece no novo artigo 33 ter. O obxectivo é asegurar que o cliente conte en todo momento cun período de tempo abondo que lle permita coñecer adecuadamente o alcance e efectos do contrato. Ademais, se o contrato de crédito prevé entre as formas de reembolso do límite disposto o pagamento aprazado en modalidade *revolving*, á obriga de entregar a información precontractual normalizada europea prevista na Lei 16/2011, do 24 de xuño, súmase a subministración dun exemplo representativo de crédito *revolving* con dúas opcións de cota, coas características e elementos que estableza o Banco de España.

O novo artigo 33 *quater* recolle o dereito de desistencia do contrato de crédito previsto no artigo 28 da Lei 16/2011, do 24 de xuño, o que supón que, en caso de exercerse este, o contrato de crédito suscrito deixa de ter efecto.

Ademais da información que se debe facilitar ao prestameiro de conformidade co previsto na Lei 16/2011, do 24 de xuño, engádense elementos específicos no novo artigo 33 *quinquies* para este tipo de créditos, que a entidade ten que remitir periodicamente ao prestameiro de forma gratuíta, dirixidos basicamente a conseguir que o prestameiro sexa en todo momento consciente da carga da débeda en termos de importe e de prazo de amortización e de opcións para poder reducila.

As obrigas de subministración de información complementáanse no novo artigo 33 *sexies* coa posibilidade do prestameiro de obter en calquera momento toda ou parte da información periódica, así como o cadro de amortización e información detallada sobre as cantidades satisfeitas e a débeda pendentes. Así mesmo, este precepto establece a obriga da entidade de informar previamente o prestameiro en cada ampliación do límite do crédito non solicitado por este, incluíndo, se é o caso, a nova cota e a débeda acumulada.

Conforme o novo artigo 33 *septies*, determinarase contractualmente o medio a través do cal a entidade lle deberá remitir a información prevista nos novos artigos 33 *quinquies* e 33 *sexties*, e regula o novo artigo 33 *octies* os gastos que pode cobrar a entidade por facilitar a información.

En terceiro lugar, introdúcese na Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, novos tipos de xuro oficiais, en concreto o euríbor a unha semana, a un mes, a tres meses e a seis meses, así como o euro *shortterm rate* (€STR), e calquera outro índice establecido para o efecto expresamente mediante resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, e queda habilitado o Banco de España para establecer mediante circular a súa definición e proceso de determinación. Ademais, dado que desde o 1 de xaneiro de 2000 non é posible a utilización do mibor como tipo de xuro oficial para a contratación de novos préstamos, elimínase a súa mención da lista de tipos de xuro oficiais, sen prexuízo de que se siga publicando para a súa aplicación nos contratos de préstamo que se contratasen con anterioridade á dita data, tal como se establece na nova redacción da transitoria única da dita orde.

Ao mesmo tempo, axústase á terminoloxía que emprega na actualidade o Banco Central Europeo a definición do tipo medio dos préstamos hipotecarios entre 1 e 5 anos para a adquisición de vivenda libre concedidos polas entidades de crédito na zona euro. Este cambio de denominación non afecta en ningún modo a súa metodoloxía de cálculo ou a súa continuidade.

Tamén se introducen na Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, determinadas correccións de carácter técnico que, por un lado, actualizan a normativa que delimita o seu ámbito de aplicación e, por outro lado, teñen en conta a especial natureza da hipoteca inversa de cara á realización da avaliación da solvencia do prestameiro, posto que polo seu propio funcionamento non é este o que finalmente se debe facer cargo da débeda acumulada.

A disposición adicional primeira outorga, por proposta do Banco de España, de conformidade co previsto no artigo 60 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, a condición de entidades declarantes á Central de Información de Riscos do Banco de España e ás entidades de pagamento e de diñeiro electrónico, incluídas as que operen en réxime de libre prestación de servizos, que realicen a actividade de concesión de crédito.

Pola súa banda, a disposición adicional segunda establece que o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital valorará, logo de informe do Banco de España, o funcionamento da Central de Riscos no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta orde, coa finalidade de promover medidas conducentes a mellorar o funcionamento daquela.

A disposición transitoria única regula o réxime dos contratos de crédito *revolving* vixentes, sinalando que lles serán de aplicación a partir da entrada en vigor da norma as disposicións de mellora da transparencia coa clientela contidas no novo capítulo III bis da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, e que non precisarán da actualización da información financeira que a entidade dispón sobre o cliente, nin dunha nova avaliación da súa solvencia, salvo que amplíen o dito crédito.

A disposición derradeira primeira recolle os títulos competenciais, sinalando que esta orde ministerial se dita ao abeiro dos títulos competenciais recollidos nos artigos 149.1.6.^a, 1.^a e 13.^a da Constitución española.

A disposición derradeira segunda recolle a previsión da entrada en vigor.

V

Esta norma adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a que se debe suxeitar o exercicio da potestade regulamentaria, de conformidade co disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Esta orde defende o interese xeral, aplicando os principios de necesidade e eficacia, coa finalidade de resolver os problemas mencionados anteriormente.

No procedemento de elaboración desta orde tívose en conta o disposto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro. Ben que se prescindiu xustificadamente do trámite de consulta pública de acordo co previsto no artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, ao non ter a proposta normativa un impacto significativo na actividade económica, nin impoñer obrigas relevantes aos destinatarios e limitarse a regular aspectos parciais dunha materia. Non obstante, si se levou a cabo o trámite de audiencia e información pública previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro; posibilitouse así a participación activa dos potenciais destinatarios. Este trámite estendeuse desde o 25 de outubro ao 18 de novembro de 2019 e durante este período recibíronse numerosas respostas por parte de entidades privadas e públicas, que foron obxecto de estudo e incorporación, se é o caso, ao texto proposto. Polo anterior, considérase cumprido o principio de transparencia.

Finalmente, encóntrase acreditado o principio de eficiencia, porque a iniciativa normativa non impón cargas administrativas innecesarias ou accesorias, e o seu desenvolvemento produciuse coa maior celeridade posible.

VI

Recibíronse observacións de dúas comunidades autónomas. Tamén se solicitou ao Ministerio de Política Territorial e Función Pública o informe regulado no artigo 26.5, parágrafo sexto, da Lei 50/1997, do 27 de novembro, así como ao Ministerio de Consumo e ao Ministerio de Xustiza en virtude do disposto no artigo 26.5, parágrafo primeiro, da Lei 50/1997, do 27 de novembro.

Ademais, a través do Ministerio de Consumo, solicitouse informe ao Consello de Consumidores e Usuarios, en virtude do disposto no artigo 39 do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, e a través do Ministerio de Xustiza, con data do 7 de maio de 2020, solicitouse igualmente informe á Axencia Española de Protección de Datos, de conformidade co previsto no artigo 5.b) do Estatuto da Axencia Española de Protección de Datos, aprobado polo Real decreto 428/1993, do 26 de marzo, e no artigo 47 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Esta orde dítase en virtude das habilitacións á persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para o desenvolvemento normativo establecidas nos puntos primeiro e cuarto do artigo 60 e no punto terceiro do artigo 61 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, e no artigo 5 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo primeiro. *Modificación da Orde ECO/697/2004, do 11 de marzo, sobre a Central de Información de Riscos.*

A Orde ECO/697/2004, do 11 de marzo, sobre a Central de Información de Riscos, queda modificada como segue:

Un. Dáse unha nova redacción ao artigo primeiro, que queda redactado da forma seguinte:

«Primeiro. *Periodicidade e forma de remisión das declaracións para os efectos de supervisión e inspección e demais funcións que ten legalmente atribuídas o Banco de España.*

As declaracións de datos, en cumprimento das obrigas de información que establece o Banco de España no exercicio das súas funcións de supervisión e inspección e demais funcións que ten legalmente atribuídas, incluídos os datos baseados en previsións propias das entidades, sobre riscos de crédito e os seus titulares a que se refire o punto segundo do artigo 60 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro (en diante, a Lei), deberán

remitirse á Central de Información de Riscos (CIR, en diante) con periodicidade mensual e recollerán a situación existente no último día do mes a que se refiran.

O Banco de España establecerá o procedemento, forma e prazo de remisión das declaracións periódicas, así como o sistema para presentar declaracións complementarias con rectificacións de datos previamente declarados. As entidades declarantes remitirán estas últimas ao Banco de España, coa maior brevidade, tan pronto como teñan coñecemento de que os datos que declarasen son erróneos, de modo que se asegure que a información existente na CIR sexa exacta e reflecta a situación actual dos riscos na data a que se refiren.»

Dous. Créase un novo artigo primeiro bis coa redacción seguinte:

«Primeiro bis. *Periodicidade e forma de remisión das declaracións para os efectos de facilitar os datos ás entidades declarantes para o exercicio da súa actividade.*

As declaracións de datos, coa finalidade de facilitarllelos ás entidades declarantes para o exercicio da súa actividade sobre riscos de crédito e os seus titulares a que se refire o punto segundo do artigo 60 da Lei, deberán remitirse á CIR con periodicidade mensual nos sete primeiros días naturais de cada mes e recollerán a situación existente ao final do último día do mes a que se refiran.

O Banco de España establecerá o procedemento e forma de remisión das declaracións periódicas, así como o sistema para presentar declaracións complementarias con rectificacións de datos previamente declarados. As entidades declarantes remitirán estas últimas ao Banco de España, coa maior brevidade, tan pronto como teñan coñecemento de que os datos que declarasen son erróneos, de modo que se asegure que a información existente na CIR sexa exacta e reflecta a situación actual dos riscos na data a que se refiren.»

Tres. Dáse unha nova redacción ao número 1 do artigo terceiro, que queda redactado da forma seguinte:

«1. O Banco de España, con suxeición ao previsto no capítulo VI da Lei, singularmente no artigo 60, e nesta orde, determinará as clases de riscos que se deberán declarar, así como o alcance dos datos que declarar respecto aos titulares e ás características e circunstancias das diferentes clases de riscos, e poderá solicitar a declaración dos datos que considere necesarios para o cumprimento das finalidades a que serve a CIR, en especial a relativa ao exercicio adecuado das facultades de supervisión e inspección das entidades declarantes por parte das autoridades competentes. En particular, e de conformidade co disposto no punto cuarto do artigo 60 da Lei, o Banco de España poderá determinar, respecto daquelas clases de riscos obxecto de declaración, os supostos en que se poderán declarar con menor detalle ou non ser obxecto de declaración os datos a que se refire o punto segundo do artigo anterior.

O Banco de España fixará o alcance dos datos que declarar á CIR diferenciando os datos que declarar exclusivamente en cumprimento das obrigas de información que estableza o Banco de España no exercicio das súas funcións de supervisión e inspección e demais funcións que ten legalmente atribuídas, incluídos os datos baseados en previsións propias das entidades, daqueloutros datos que tamén se declaren coa finalidade de llelos facilitar ás entidades declarantes para o exercicio da súa actividade.

Os datos dos titulares, incluídos os das súas operacións, cuxo risco acumulado na entidade declarante sexa superior a 1.000 euros, decláranse coas finalidades previstas no artigo 60, punto cuarto, letras a) e b), da Lei, de conformidade co previsto nos artigos primeiro e primeiro bis.»

Catro. Dáse unha nova redacción ao número 4 do artigo terceiro, que queda redactado da forma seguinte:

«4. O Banco de España fixará os limiares de declaración aplicables suxeitándose ao previsto no número 1 e no artigo catro, e concretará aqueles por debaixo dos cales todos os datos dun titular se declararán exclusivamente en cumprimento das obrigas de información que estableza o Banco de España no exercicio das súas funcións de supervisión e inspección e demais funcións que ten legalmente atribuídas. O importe dos riscos declararase en unidades de euro. Para estes efectos, o Banco de España poderá determinar distintos limiares de declaración e tipos de datos que declarar respecto dos titulares e clases de risco en función das características do sector de actividade a que pertencen as entidades declarantes quer os titulares con quen estas manteñan os riscos de crédito.»

Cinco. Dáse unha nova redacción ao número 1 do artigo cuarto, que queda redactado da forma seguinte:

«1. O Banco de España determinará o contido e forma dos informes que terán dereito a obter as entidades declarantes previstos no punto segundo do artigo 61 da Lei. Os ditos informes conterán, en todo caso, en relación con cada titular, a información consolidada de todas as entidades declarantes en que os titulares manteñan un risco acumulado de acordo cos datos igual ou superior a 1.000 euros.

Nos ditos informes omitirase a denominación das entidades que contraesen os mencionados riscos. Respecto destes, só se incluírán situacións de incumprimento das obrigas directas ou garantidas, distinguindo os que fosen dados de baixa no balance polas entidades e sigan sendo exixibles, as situacións relativas a procedementos concursais, así como os riscos vencidos, entendendo por tales, para estes efectos, aqueles cuxa data de impagamento supere os 90 días desde o seu vencemento. Nos informes non se facilitarán os datos que se refiran á pertenza do titular a un determinado grupo económico, tipo de xuro, datas de inicio, vencemento e incumprimento, nin as categorías prudenciais de risco nin demais datos que se consideren necesarios exclusivamente para o exercicio adecuado das facultades de supervisión e inspección das entidades declarantes por parte das autoridades competentes.»

Seis. Créase un novo número 3 no artigo cuarto coa redacción seguinte:

«3. O Banco de España establecerá uns procedementos de procesamento e subministración da información sobre os riscos dos titulares que aseguren que as entidades declarantes e os intermediarios de crédito inmobiliario dispoñen da última información declarada o vixésimo primeiro día natural do mes seguinte a que se refira ou, se este é inhábil, o día seguinte hábil.»

Artigo segundo. *Modificación da Orde EHA/1718/2010, do 11 de xuño, de regulación e control da publicidade dos servizos e produtos bancarios.*

O artigo 4 da Orde EHA/1718/2010, do 11 de xuño, de regulación e control da publicidade dos servizos e produtos bancarios, queda redactado como segue:

«Artigo 4. *Normas, principios e criterios xerais. Políticas de comunicación comercial.*

1. A publicidade suxeita a esta orde deberá ser clara, suficiente, obxectiva e non enganosa e deberá quedar explícito e patente o carácter publicitario da mensaxe.

Todo documento ou folleto con carácter publicitario dunha entidade deberá incluír o termo «publicidade» de xeito claro e resaltado respecto do texto en que se insira.

2. O Banco de España determinará os demais principios xerais a que se debe axustar a publicidade e os criterios xerais sobre o contido mínimo e formato da mensaxe publicitaria, e calquera outro aspecto que poida afectar o carácter

equilibrado e obxectivo da publicidade. Especificará, en todo caso, a forma e condicións de difusión das mensaxes publicitarias para os efectos de que nin se omita ningún dato relevante sobre os produtos e servizos bancarios nin, de ningún modo, se induza a erro dos seus destinatarios.

As denominacións dos produtos e servizos bancarios estarán suxeitas, coas particularidades que sexan precisas, ás mesmas disposicións, criterios e principios establecidos nesta orde e aos que puidese establecer o Banco de España.

3. Dentro dos procedementos e controis internos exixibles de conformidade co artigo 29.1.c) da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, as entidades incluírán os necesarios para protexer os lexítimos intereses da clientela e xestionar os riscos a que estean ou poidan estar expostas derivados da súa actividade publicitaria.

Para ese efecto, as entidades deberán contar cunha política de comunicación comercial que, entre outros obxectivos, inclúa os criterios e procedementos adecuados para asegurar que a entidade cumpre coas normas, principios e criterios xerais establecidos na normativa que lle resulte aplicable.

4. Ao elaboraren os criterios preventivos a que se refire o punto anterior, as entidades deberán considerar, de xeito proporcionado á complexidade do produto ou servizo bancario ofrecido e ás características do medio de difusión utilizado, os principios xerais que o Banco de España determine en desenvolvemento desta orde.

5. Ademais do anterior, e con independencia do cumprimento do establecido na normativa xeral sobre publicidade:

a) A publicidade que realicen as entidades de crédito sobre depósitos e créditos en que se aluda explicitamente ao seu custo ou rendibilidade para o público deberá expresar o seu custo ou rendemento en termos de taxa anual equivalente (TAE). Sen prexuízo do previsto para o efecto na Lei 16/2011, do 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo, para o cálculo da TAE utilizaranse a expresión matemática e as regras que estableza o Banco de España. Cando se utilicen referencias a índices de tipos de xuro, estas deberán ser actualizadas.

b) Cando a publicidade dunha entidade englobe calquera tipo de oferta de operacións, produtos ou servizos que realizará outra empresa, deberá conter a mención expresa desta empresa.

c) Así mesmo, cando a entidade conveña cunha empresa, que non sexa unha das recollidas no artigo 3, que esta oferte por medio de calquera forma de publicidade os seus produtos ou servizos, deberase asegurar de que esta publicidade indique con claridade a entidade cuxos servizos se ofrezan, e será tamén responsabilidade súa o cumprimento dos requisitos e obrigas que se establecen nesta orde.

d) O exemplo representativo a que se refire o artigo 6.2 da Lei 5/2019, do 15 de marzo, deberá ser determinado de conformidade cos seguintes criterios:

1.º O capital inicial do préstamo empregado para a elaboración do exemplo será dun mínimo de 100.000 euros ou, a partir do dito importe, un múltiplo de 50.000 euros, cun máximo de 300.000 euros.

2.º O prazo de amortización empregado para a elaboración do exemplo será dun mínimo de 10 anos ou, a partir do dito prazo, un múltiplo de 5 anos, cun máximo de 30 anos.

3.º Cando o anuncio mencione unha tarifa promocional ou condicións especiais de uso que deriven do funcionamento normal do préstamo en cuestión, aplicable de forma temporal, o exemplo representativo deberá ilustrar as condicións normais de execución do contrato de préstamo.

4.º O exemplo representativo indicará que ten tal condición.

e) Cando a publicidade dunha entidade se refira ao crédito sinalado no artigo 33 bis da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e

protección do cliente de servizos bancarios, o exemplo representativo deberá ser determinado de conformidade cos seguintes criterios:

- 1.º O límite do crédito dispoñible será de 1.500 euros.
- 2.º O prazo de amortización empregado para a elaboración do exemplo será 4 anos.
- 3.º Considerarase que o límite do crédito concedido se devolverá mediante 48 cotas mensuais iguais calculadas conforme o sistema de amortización de cota constante.
- 4.º Cando o anuncio mencione unha tarifa promocional ou condicións especiais de uso que deriven do funcionamento normal do crédito en cuestión, aplicable de forma temporal, o exemplo representativo deberá ilustrar as condicións normais de execución do contrato de crédito.
- 5.º O exemplo representativo indicará que ten tal condición.»

Artigo terceiro. *Modificación da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios.*

A Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios, queda modificada como segue:

Un. Engádense tres novos números 2 a 4 no artigo 2, co seguinte teor literal:

«2. Quedan excluídos do ámbito desta orde ministerial os servizos, operacións e actividades comprendidos no ámbito do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, e no libro segundo do Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais.

3. Será de aplicación ás entidades aseguradoras o previsto no capítulo II bis do título III.

4. Cando o cliente actúe no ámbito da súa actividade profesional ou empresarial, as partes poderán acordar que non se aplique total ou parcialmente o previsto nesta orde, coa excepción do establecido no capítulo II do título III.»

Dous. Dáse unha nova redacción ao artigo 11, co seguinte teor literal:

«Artigo 11. *Requisitos de forma e información resaltada.*

1. Toda a información, documentación e comunicacións dirixidas aos clientes de servizos bancarios previstas nesta orde se realizarán en papel, formato electrónico ou noutro soporte duradeiro, e estarán redactadas en termos facilmente comprensibles, de maneira claramente lexible, en castelán ou en calquera das demais linguas españolas oficiais das respectivas comunidades autónomas nas cales se preste o servizo ou en calquera outra lingua acordada entre as partes.

2. Coa finalidade de destacarles aos clientes os elementos esenciais da información a que se refiren os artigos 3 a 6 e 33 *quinquies*, o Banco de España poderá exixir o emprego dun formato ou tipo de letra ou comunicación especialmente resaltada.»

Tres. Dáse unha nova redacción ao artigo 18, co seguinte teor literal:

«Artigo 18. *Avaliación da solvencia no préstamo responsable.*

1. As entidades, antes de que se subscriba calquera contrato de crédito ou préstamo, deberán avaliar a capacidade do cliente para cumprir coas obrigas derivadas deste, sobre a base da información suficiente obtida por medios adecuados para tal fin, entre eles, a información facilitada polo propio cliente por solicitude da entidade.

Para estes efectos, as entidades deberán contar con procedementos internos especificamente desenvolvidos para levar a cabo a avaliación de solvencia mencionada no parágrafo anterior. Estes procedementos serán revisados periodicamente polas propias entidades, que manterán rexistros actualizados das ditas revisións.

2. Os procedementos a que se refire o número anterior, ademais de axustarse á normativa específica sobre xestión de riscos e control interno que resulte aplicable ás entidades, deberán recoller, polo menos, os seguintes aspectos:

a) A adecuada avaliación da situación de emprego, ingresos, patrimonial e financeira do cliente, para o cal:

1.º) Se exixirá canta documentación sexa adecuada para avaliar a variabilidade dos ingresos do cliente.

2.º) Se consultará o historial crediticio do cliente, para o cal se poderá acudir á Central de Información de Riscos do Banco de España, así como aos sistemas de información crediticia a que se refire o artigo 20 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, cos requisitos e garantías previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE; na citada Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

3.º) Se terá en conta o nivel previsible de ingresos que se percibirán tras a xubilación, no caso de que se prevexa que unha parte substancial do crédito ou préstamo se continúe reembolsando unha vez finalizada a vida laboral.

b) A valoración da capacidade do cliente e dos garantes de cumprir coas súas obrigas de pagamento derivadas do crédito ou préstamo, para o cal se terán en conta, ademais dos seus ingresos, os seus activos en propiedade, os seus aforros, as súas obrigas derivadas doutras débedas ou compromisos, os seus gastos fixos e a existencia doutras posibles garantías.

c) No caso de créditos ou préstamos a tipo de xuro variable, e doutros en que o valor das cotas poida variar significativamente ao longo da vida da operación, deberase valorar como afectaría esta circunstancia a capacidade do cliente de cumprir coas súas obrigas, tendo en conta o regulado nas letras a) e b) anteriores.

d) No caso de créditos ou préstamos hipotecarios ou con outras garantías reais, a valoración prudente de tales garantías mediante procedementos que eviten influencias ou conflitos de interese que poidan menoscabar a calidade da valoración.

e) No caso de créditos a que se refire o artigo 33 bis, valorarase, en particular, se o cliente dispón de capacidade económica suficiente para satisfacer as súas obrigas ao longo da vida da operación sen incorrer en sobreendebedamento. Para este fin, o importe anual das cotas que se pagarán polo crédito a que se refire o artigo 33 bis terá por obxectivo amortizar unha contía mínima anual do 25 % do límite do crédito concedido. Para a valoración da capacidade económica prevista nesta letra, utilizaranse cotas calculadas en doce prazos mensuais iguais conforme o sistema de amortización de cota constante, sen prexuízo de que contractualmente se poida pactar calquera outra forma de cálculo destas.

Para ampliar o límite do crédito referido no artigo 33 bis, a entidade deberá actualizar previamente a información financeira de que dispoña sobre o cliente e avaliar novamente a súa solvencia conforme o previsto neste punto.

3. No suposto de créditos ou préstamos con garantía real, os criterios para determinar a concesión ou non do crédito ou préstamo, a súa contía máxima e as características do seu tipo de xuro e do seu sistema de amortización deben fundamentarse, preferentemente, na capacidade estimada do cliente para facer fronte ás súas obrigas de pagamento previstas ao longo da vida do crédito ou préstamo, e non exclusivamente no valor esperado da garantía.

4. No caso de subscrición de seguros de amortización de créditos ou préstamos, tal subscrición non poderá substituír, en ningún caso, a necesaria e completa avaliación da solvencia do cliente e da súa capacidade para cumprir coas súas obrigas de pagamento polos seus propios medios.

5. No suposto de que unha entidade rexeite a concesión dun crédito ou préstamo por considerar insuficiente a solvencia do cliente baseándose na consulta aos ficheiros a que se refire o parágrafo 2.º) do número 2.a), a entidade informará o cliente do resultado da dita consulta.

6. A avaliación da solvencia prevista neste artigo realizarase sen prexuízo da liberdade de contratación que, nos seus aspectos substantivos e coas limitacións que poidan emanar doutras disposicións legais, deba presidir as relacións entre as entidades e os clientes e, en ningún caso, afectará a súa plena validez e eficacia nin implicará o traslado ás entidades da responsabilidade polo incumprimento das obrigas dos clientes.»

Catro. O artigo 27 pasa a ter o seguinte teor literal:

«Artigo 27. *Tipos de xuro oficiais.*

1. Para efectos da súa aplicación polas entidades, nos termos previstos nesta orde ministerial, considéranse tipos de xuro oficiais os seguintes índices de referencia:

- a) Tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos, para adquisición de vivenda libre, concedidos polas entidades de crédito en España.
- b) Tipo medio dos préstamos á vivenda entre un e cinco anos concedidos polas entidades de crédito na zona euro.
- c) Tipo de rendemento interno no mercado secundario da débeda pública de prazo entre dous e seis anos.
- d) Euríbor a unha semana, un mes, tres meses, seis meses e un ano.
- e) Permuta de xuros/Interest Rate Swap (IRS) ao prazo de cinco anos.
- f) Tipo de xuro de referencia baseado no *euro shortterm rate* (€STR).
- g) Calquera outro índice establecido para o efecto expresamente mediante resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional.

2. O Banco de España publicará mensualmente os tipos de xuro oficiais no «Boletín Oficial del Estado» e estarán tamén dispoñibles na súa páxina electrónica.»

Cinco. O artigo 32 *septies* pasa a ter o seguinte teor literal:

«Artigo 32 *septies. Ámbito de aplicación.*

As hipotecas inversas comercializadas en España conforme o previsto na disposición adicional primeira da Lei 41/2007, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario e outras normas do sistema hipotecario e financeiro, de regulación das hipotecas inversas e o seguro de dependencia e pola que se establece determinada norma tributaria, rexeranse por este capítulo, así como polo previsto no título I, no artigo 24 e nas seccións 3.ª e 4.ª do capítulo II do título III.»

Seis. Créase un novo capítulo III bis do título III co seguinte contido:

«CAPÍTULO III BIS

Normas relativas aos créditos ao consumo de duración indefinida

Artigo 33 bis. Ámbito de aplicación.

Este capítulo será de aplicación ao crédito ao consumo con xuro de duración indefinida ou de duración definida prorrogable de forma automática concedido a persoas físicas en que o crédito disposto non se satisfai na súa totalidade ao final do período de liquidación pactado (crédito revolvente ou *revolving*), sen prexuízo do previsto no artigo 33.

Artigo 33 ter. Información precontractual.

1. Cando o contrato prevexa a posibilidade de obter o crédito sinalado no artigo 33 bis, adicionalmente á obriga de subministrar ao cliente a información normalizada europea co contido, formato e nos termos previstos na Lei 16/2011, do 24 de xuño, a entidade facilitará ao cliente, en documento separado, que se poderá xuntar á dita información normalizada:

- a) Unha mención clara á modalidade de pagamento establecida, sinalando expresamente o termo «*revolving*».
- b) Se o contrato prevé a capitalización de cantidades vencidas, exixibles e non satisfeitas.
- c) Se o cliente ou a entidade ten a facultade de modificar a modalidade de pagamento establecida, así como as condicións para o seu exercicio.
- d) Un exemplo representativo de crédito con dúas ou máis alternativas de financiamento determinadas en función da cota mínima que se poida establecer para o reembolso do crédito conforme o contrato.

A información sinalada neste punto será proporcionada ao cliente coa debida antelación á subscripción do contrato.

2. Con antelación á sinatura do contrato, a entidade proporcionará ao cliente a asistencia sinalada no artigo 11 da Lei 16/2011, do 24 de xuño.

3. Sen prexuízo da suxeición da publicidade realizada en vías públicas, lugares abertos ao público e, en particular, en centros comerciais ao cumprimento da normativa reguladora da publicidade sobre produtos e servizos bancarios, a entidade extremará a dilixencia no cumprimento da obriga de asistencia previa á formalización do contrato cando o crédito se promova ou ofrezca á clientela nestes casos. Nese momento facilitará explicacións adecuadas de forma individualizada para que o potencial cliente poida avaliar se o contrato de crédito, e en especial a modalidade de pagamento proposta, se axusta aos seus intereses, ás súas necesidades e á súa situación financeira.

Artigo 33 quater. Dereito de desistencia.

O cliente poderá exercer o dereito de desistencia do contrato de crédito sinalado no artigo 33 bis nos termos previstos no artigo 28 da Lei 16/2011, do 24 de xuño, caso en que deixará sen efecto o contrato de crédito suscrito.

Artigo 33 quinquies. Información periódica que se deberá subministrar ao cliente.

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 8, no caso de disposición de crédito sinalado no artigo 33 bis, a entidade deberá subministrar ao cliente con periodicidade polo menos trimestral a seguinte información:

- a) O importe do crédito disposto, para o que a entidade deberá ter en conta as posibles cotas devindicadas e os xuros xerados pendentes de liquidación.

- b) O tipo debedor.
- c) A modalidade de pagamento establecida, sinalando expresamente o termo «*revolving*» e indicando a cota fixada nese momento para a amortización do crédito.
- d) A data estimada en que o cliente rematará de pagar o crédito disposto, tendo en conta a cota de amortización establecida nese momento. En particular, comunicáraselle ao cliente:

1.º a data en que o cliente remataría de pagar o crédito disposto se non se realizan máis disposicións nin se modifica ningún outro elemento do contrato; e

2.º a contía total, desagregando principal e xuros, que acabaría pagando o cliente polo crédito disposto se non se realizan máis disposicións nin se modifica a cota.

A entidade advertirá de que a estimación realizada corresponde ao crédito disposto nunha data de referencia, tendo en conta a cota de amortización e o tipo debedor establecidos nese momento.

2. Cando coexistan no período de liquidación distintas modalidades de pagamento mediante as cales se estean reembolsando as disposicións efectuadas baixo un mesmo límite de crédito, a entidade facilitará a información sinalada no número 1 de forma desagregada para cada modalidade de pagamento acordada conforme o previsto no contrato.

No suposto sinalado no parágrafo anterior, o documento de liquidación que deben facilitar as entidades ao prestameiro conforme o previsto no artigo 8.3 recollerá a información requirida na normativa aplicable de forma desagregada para cada modalidade de pagamento establecida no período de liquidación, de forma que este poida verificar e comprender adecuadamente a liquidación efectuada.

3. Cando con posterioridade á contratación do crédito sinalado no artigo 33 bis a contía da cota de amortización sexa inferior á porcentaxe establecida no artigo 18.2.e), a entidade engadirá a seguinte información á sinalada no número 1:

a) Exemplos de escenarios sobre o posible aforro que representaría aumentar o importe da cota por riba da establecida nese momento. En particular, comunicáraselle ao cliente a data en que remataría de pagar o crédito disposto e a contía total que acabaría pagando no caso de aumentar un 20, un 50 e un 100 por cento a cota actual.

b) O importe da cota mensual que permitiría liquidar toda a débeda no prazo dun ano.

Artigo 33 *sexies*. Información adicional.

1. Cando o cliente así o solicite, a entidade facilitaralle no prazo máximo de 5 días hábiles a seguinte información en relación co crédito sinalado no artigo 33 bis:

- a) Calquera dos aspectos sinalados no artigo anterior.
- b) As cantidades aboadas e a débeda pendente. A entidade facilitaralle ao cliente un detalle o máis completo posible do crédito disposto, co fin de que poida verificar a corrección do importe debido ou reclamado e a súa composición. Salvo que o cliente indique outra cousa, a información incluírá as datas, importes e conceptos dos pagamentos efectuados, e desagregará a cantidade pendente de pagamento en concepto de principal, xuros acumulados e comisións devindicadas por distintos conceptos.
- c) O cadro de amortización; a entidade advertirá claramente que o cadro de amortización se elabora para o saldo disposto, nunha data de referencia e coa cota establecida nese momento.

2. Cando se amplíe o límite do crédito sinalado no artigo 33 bis, a entidade deberá comunicar ao cliente de forma individualizada, cunha antelación mínima de 1 mes:

- a) O novo límite.
- b) A contía da débeda acumulada ata ese momento.
- c) A nova cota que deberá pagar, se é o caso.
- d) A información prevista no artigo 33 *quinquies.2*, se é o caso.

Non obstante, non será necesario realizar esta comunicación cando a entidade autorice excepcionalmente e de forma unilateral disposicións do crédito referido no artigo 33 bis por riba do límite do crédito concedido, sempre que sexa por un importe inferior ao 25 % do dito límite e que o importe disposto por riba do límite se inclúa na súa totalidade na cota correspondente á seguinte liquidación do crédito, sen prexuízo do disposto na Lei 16/2011, do 24 de xuño, en relación cos excedidos tácitos.

3. Cando transcorra máis dun ano entre o momento da contratación e o da activación do crédito a que se refire o artigo 33 bis, a información normalizada europea e o exemplo representativo de crédito sinalados no artigo 33 *ter.1* subministraranse ao cliente de novo no momento da súa activación.

Artigo 33 septies. Requisitos de forma e entrega da información.

A información sinalada nos artigos 33 *quinquies* e 33 *sexies* redactarase nos termos previstos no artigo 11.

A entidade subministrará a dita información en papel ou outro soporte duradeiro, de conformidade co que se acorde contractualmente entre a entidade e o cliente. Para estes efectos, considerarase duradeiro todo soporte que permita ao cliente a quen se transmite información personalizada conservala, recuperala doadamente durante un período de tempo adaptado aos fins da dita información e reproducila de forma idéntica á información recibida.

Artigo 33 octies. Gastos de información.

1. A entidade non poderá cobrar ao cliente pola subministración da información indicada nos artigos 33 *ter*, 33 *quinquies* e 33 *sexies.2* e 3.

2. A información adicional prevista no artigo 33 *sexies.1* facilitarase de forma gratuíta unha única vez ao mes, sempre que non se reciba nese mesmo mes xunto coa información sinalada nos artigos 33 *ter*, 33 *quinquies* e 33 *sexies.2* e 3.

3. A entidade e o cliente poderán acordar que se cobren gastos pola comunicación da información prevista neste capítulo en supostos distintos dos previstos nos números 1 e 2.

Cando a entidade poida cobrar gastos en concepto de información conforme o disposto neste número, serán razoables e acordos cos custos efectivamente soportados pola entidade.»

Sete. A disposición transitoria única pasa a ter o seguinte teor literal:

«Disposición transitoria única. *Réxime transitorio do míbor.*

1. O míbor continuará sendo considerado tipo de xuro oficial exclusivamente para os efectos da súa aplicación nos préstamos hipotecarios formalizados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2000, conforme o previsto no artigo 32 da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introdución do euro.

2. O Banco de España publicará o míbor mensualmente na súa sede electrónica e no «Boletín Oficial del Estado». Para a publicación deste índice continuará vixente a actual definición do míbor establecida na Circular 5/2012, do 27 de xuño, do Banco de España, a entidades de crédito e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos.»

Oito. A disposición derradeira terceira pasa a ter o seguinte teor literal:

«Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

1. Habilítase o Banco de España para ditar as normas precisas para o desenvolvemento e execución desta orde.
2. En particular, habilítase o Banco de España para establecer:
 - a) A definición e o proceso de determinación dos tipos de xuro oficiais sinalados no artigo 27.
 - b) Os criterios e elementos que se deberán ter en conta para a formulación do exemplo representativo sinalado no artigo 33 *ter*.1.d).
 - c) Os criterios e elementos que se deberán ter en conta para a formulación dos exemplos de escenarios sinalados no artigo 33 *quinquies*.3.a).
3. O Banco de España deberá fixar os criterios e elementos a que se refiren as letras b) e c) do número anterior no prazo de nove meses desde a publicación da Orde ETD/699/2020, do 24 de xullo, de regulación do crédito revolvente e pola que se modifican a Orde ECO/697/2004, do 11 de marzo, sobre a Central de Información de Riscos, a Orde EHA/1718/2010, do 11 de xuño, de regulación e control da publicidade dos servizos e produtos bancarios, e a Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios.»

Disposición adicional primeira. *Entidades declarantes á Central de Información de Riscos do Banco de España.*

Ademais das previstas no artigo 60 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, terán a consideración de entidades declarantes á Central de Información de Riscos do Banco de España as entidades de pagamento, incluídas as que operen en exercicio do dereito de liberdade de establecemento e en réxime de libre prestación de servizos, que realicen a actividade de crédito sinalada no artigo 20.3 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira, e as entidades de diñeiro electrónico, incluídas as que operen en exercicio de dereito de liberdade de establecemento e en réxime de libre prestación de servizos, que realicen a actividade de crédito sinalada no artigo 8.1.b) da Lei 21/2011, do 26 de xullo, de diñeiro electrónico.

Disposición adicional segunda. *Valoración do funcionamento da Central de Riscos do Banco de España.*

Transcorrido un ano desde a entrada en vigor desta orde, o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital valorará, logo de informe do Banco de España, a posibilidade e a conveniencia de promover reformas normativas conducentes a incrementar a frecuencia da contribución das entidades declarantes á Central de Información de Riscos e da información de retorno que reciben desta, así como ampliar as operacións que se declaran de forma individualizada á Central de Información de Riscos para incluír riscos acumulados, directos e indirectos, por debaixo do límite actualmente en vigor.

Disposición transitoria única. *Contratos en vigor.*

Aos contratos que as entidades teñan subscritos coa súa clientela, na data de entrada en vigor desta orde ministerial, para a regulación das condicións de concesión do crédito referido no novo artigo 33 bis da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro:

- a) Seranlles de aplicación, a partir do dito momento, as disposicións contidas no artigo terceiro, catro, agás o previsto no novo artigo 33 *ter* da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro.

b) Non precisarán da actualización da información financeira que a entidade dispón sobre o cliente, nin dunha nova avaliación da súa solvencia conforme o previsto no artigo terceiro, dous, agás que nalgún momento posterior á entrada en vigor desta orde amplíen o límite do dito crédito.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde ministerial dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a, 1.^a 1.^a e 13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado as competencias exclusivas sobre lexislación mercantil, bases da ordenación de crédito, banca e seguro, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor o día 2 de xaneiro de 2021, agás:

a) Os números dous e cinco do artigo primeiro, polo que se modifica a Orde ECO/697/2004, do 11 de marzo, sobre a Central de Información de Riscos do Banco de España, que entrarán en vigor aos vinte e catro meses desde a publicación desta orde ministerial no «Boletín Oficial del Estado».

b) As obrigas de subministrar ao cliente o exemplo representativo sinalado no artigo 33 *ter.* 1.d) e os exemplos de escenarios sinalados no artigo 33 *quinquies.* 3.a) da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, na redacción dada polo artigo terceiro, que entrarán en vigor aos seis meses desde a publicación das normas previstas na nova redacción da disposición derradeira terceira da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, dada polo número oito do artigo terceiro.

c) Os números dous, tres e sete do artigo terceiro, que entrarán en vigor aos doce meses desde a publicación desta orde ministerial no «Boletín Oficial del Estado».

d) Os números tres e catro do artigo primeiro e catro e seis do artigo terceiro e a disposición adicional primeira, que entrarán en vigor aos seis meses desde a publicación desta orde ministerial no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 24 de xullo de 2020.—A vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, Nadia Calviño Santamaría.